

PRESENTACIÓN

A CGT da Coruña acolle o XVII Congreso de sindicatos da Confederación Xeral do Traballo (CGT), que terá lugar entre o 17 e o 20 de outubro de 2013.

Con motivo do Congreso, a CGT da Coruña organiza unha nova edición das Xornadas Libertarias que en anos anteriores estiveron adicadas á pedagogía e á memoria histórica libertarias.

Nesta ocasión as xornadas serán mais amplas, abrangendo temáticas que van dende a autoxestión, o esperanto, os movementos populares no norte de África, a defensa do ensino público,...

Agardamos que as actividades programadas sirvan como espazo de aprendizaxe, reflexión e debate.

“Propoñéndose o imposible é como o home ten logrado sempre o posible. Aqueles que se cinguiron prudentemente ao que lles parecía factible, xamais avanzaron un só paso”.

Miguel Bakunin

ORGANIZA:

CGT - A CORUÑA
Simón Bolívar, 89, baixo
15009 A CORUÑA

Tlf./Fax: 981 128 477

Correo: coruna@cgtgalicia.org

www.cgtgalicia.org

www.cgt.org.es

www.rojoynegro.info



EXPOSICIÓN

04-15
outubro
2013

**a lingua como
liberación:
o esperanto**

UNED da Coruña
Rúa de Pepín Rivero, 3
De luns a venres, de 10 a 14 e de 16 a 19 horas



Xornadas Libertarias

Do 4 ao 16 de outubro



XORNADAS LIBERTARIAS - PROGRAMA

INAUGURACIÓN DAS XORNADAS

4 de OUTUBRO, ás 18 horas

EXPOSICIÓN "A LINGUA COMO LIBERACIÓN: O ESPERANTO"

Do 4 ao 15 de outubro

CHARLA COLOQUIO SOBRE "O ESPERANTO", con esperantistas galegos.

11 de OUTUBRO, ás 19:30 horas

A EXPOSICIÓN ESTARÁ ABERTA DE LUNS A VENRES, de 10 A 14 HORAS e de 16 A 19 HORAS.

**ESTES ACTOS TERÁN LUGAR NA UNED DA CORUÑA
Rúa de Pepín Rivero Nº3
A Coruña.**

A EXPOSICIÓN "A LINGUA COMO LIBERACIÓN: O ESPERANTO"

As linguas son vehículo de coñecemento e de comunicación, de diálogo e entendemento, pero tamén serven como instrumentos de dominación duns pobos sobre outros e dunha clase social sobre as demais.

Fronte a esta instrumentalización das linguas, algunhas persoas esforzáronse por crear e utilizar unha lingua universal, que sirva de comunicación entre iguais, que non supoña imposición e que sexa un vehículo de entendemento, de paz e solidariedade: o esperanto, que estivo vinculado dende a súa aparición co movemento libertario mundial, que o fixo seu como ferramenta eficaz no seu camiño de emancipación e de construción dunha sociedade igualitaria e digna.



CHARLA COLOQUIO "A EMANCIPACIÓN SOCIAL: DELEGACIÓN OU AUTOXESTIÓN?. ENSINANZAS DE SÉCULO E MEDIO DE LOITA", con Octavio Alberola, historiador e loitador libertario contra o franquismo

14 de OUTUBRO, ás 19:30 horas

Biblioteca A.VV. Monte Alto (Campo de Marte)

CHARLA COLOQUIO "A LOMCE: UN NOVO ATAQUE Á EDUCACIÓN", con Jacinto Ceacero, docente e Secretario Xeral da CGT

15 de OUTUBRO, ás 19:30 horas

**Federación de ANPAS da Coruña
Rúa do Orzán, 21**

CHARLA COLOQUIO SOBRE "MOVEMENTOS POPULARES NO NORTE DE ÁFRICA", con Arbi Kodri, docente e sindicalista tunecino

16 de OUTUBRO, ás 19:30 horas

**Federación de ANPAS da Coruña
Rúa do Orzán, 21**